




Dende aquela todas foron desgracias. Morrían as xugadas, merábanse os froitos, morrían entangarañados os rapaces, secábanse as fontes. Para escorrenta-lo mal fado ergueron cruceiros a eito.

De nada valeu nada. No remate sóupose todo e aínda hoxe o lugar está illado das xentes de ben.

Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagou e polo gran sentimento de quen o fixo.




¿Tendes reparado nos nosos cruceiros aldeáns? Pois re-
parade.

A Virxe das Angustias, enclavada no reverso de moitas
cruces de pedra, non é a Piedá dos escultores; é a Piedade crea-
da polos canteiros.

Os nosos canteiros, deixándose levar polo sentimento,
non podían maxinar un home no colo da nai.

Para os artistas canteiros Xesucristo sempre é pequeno,
sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos
pequenos nos colos das nosas nais.

Reparade nos cruceiros e descubriredes moitos tesouros.



O “Rifante” era un mariñeiro que ganaba pesos a moreas e
que na súa balsa gardábanse talmente como auga nunha penei-
ra. En terra o Rifante non tiña caleire ningún; en canto poñía
pé no seu barco, trocábase nun sabio. Tiña moitos fillos e moi-
tos netos e todos a gastar a barullo porque o mar daba para
todo.

Ninguén lle negou o creto de bo patrón e de bo cristiáno
que tiña; mais ás veces parecía ter tratos co demo. Habían de
larga-lo aparello outros mariñeiros e non habían de coller ren;
chegaba o “Rifante” e collía unha fartura de peixe.

O “Rifante” era farturento de seu. Estando a pique de mo-
rter afogado ofreceuse a Nosa Señora e regaloulle un manto de
seis mil réas, ademais da misa cantada, música, foguetes, tra-
xes novos e comida a fartar.

O “Rifante” tiña fe na súa fada. Unha vez enfermouse e
fixo de patrón o fillo máis vello. En canto volveu do mar, o
fillo achegouse ó leito do pai e tateando de medo contoulle
que o aparello quedara trabado nunhas pedras. O “Rifante”
dixo simplemente: “Non teñas medo, Ramón; o mar levou-
no, o mar dará para outro”. E despois calou e virouse cara á
parede.

¡Que confianza tiña o “Rifante” no mar!





Pero tanta fartura ninguon de súpeto e a fame foi entrando en tódolos fogares. Tal aconteceu cando as trañas mataron o xeito.

O “Rifante” apareceu un día diante do meu pai, amigo seu dende nenos e ademais conselleiro.

—¿Sabes unha cousa? —dixo—. Hai fame, ¡fame!, na casa do “Rifante”. Ti xa sabes que nunca pedín nada a ninguén; mais agora veño petar na túa porta para que me emprestes mil réas. Quero botarlle un balcón novo á miña casa, ¿sabes?, e así a xente que vexa que ando en obra non pensará que os meus non teñen que levar á boca.

Meu pai, que percorreu moito mundo, aseguroulle que a fame cúrase con pan; mais o “Rifante” púxose teso e volveu a falar.

—A vergonza é peor que a fame.

E seguro meu pai de non convencer en terra a un home que somentes ten intelixencia no mar, abreu a gabeta e colleu mil réas; pero o “Rifante” atallouno:

—Non, agora non mos deas; xa virei por eles.

Na noite daquel día velaí se sinteu unha tropa na nosa casa. Era o “Rifante” que viña coa muller, os fillos, os xeiros, as noras e os netos; todos en procura dos mil réas.

A patulea do “Rifante” encheu a casa toda e daba medo pensar cómo formarían roda demandando pan ó seu patriarca.

O “Rifante”, coa gorra encachada até as orellas, pideulle os cartos a meu pai e, ó recibilos das súas mans, descubreuse relixiosamente e, amostrándollos a todos, dixo con solenidade:

—Miña muller e meus fillos, se morro, xa sabedes que se lle deben cincuenta pesos a iste home.

E sen decir outra verba, tapou a cabeza e foise diante de todos, escaleira abaixo.